



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

www.boqueixon.gal

P un mes e Pico

CICLO "UN MES E PICO"
XEOLOXÍA E ASTRONOMÍA NO
PICO SACRO

Maio - Xuño 2024

www.boqueixon.gal

As actividades de exterior estarán suxeitas á posibles modificacións por mor das condicións meteorolóxicas.

28/05/24 10:30h. No Pico Sacro.

APERTURA E PRESENTACIÓN DO CICLO "UN MES E PICO": XEOLXÍA E ASTRONOMÍA NO PICO SACRO

09/06/24 11:00h. Punto de encontro: aparcadoiro do Pico Sacro.

VISITA GUIADA: "VIAXE Á ORIXE DO PICO SACRO". Geotur

O máxico Pico Sacro é un fito xeolóxico e xeográfico único en Galicia. Xeográficamente a súa forma picuda converteuno nun símbolo paisaxístico inconfundible nas terras galegas. O seixo puro que o forma, no medio dunha terra de granitos, fai que a súa singularidade e evolución xeolóxica sexan moi especiais. Dende o seu cumo temos gran parte de Galicia e Compostela aos nosos pés. Nun sinxelo paseo veremos a orixe, a evolución e os elementos máis característicos da complexa historia xeolóxica e xeográfica do Pico Sacro.

14/06/24 19:00h. Capela de San Sebastián no Pico Sacro.

CONFERENCIA A CARGO DE FRANCISCO CANOSA MARTÍNEZ "O PICO SACRO VISTO CON OLLOS XEOLÓXICOS"

Doutorado en xeoloxía pola Universidade de Oviedo, é o actual Director científico do Xeoparque Cabo Ortegal reconecido como Xeoparque Mundial da Unesco. Adicouse principalmente ao ensino e divulgación xeolóxica, e tamén ao turismo xeolóxico poñendo en valor a defensa e protección do patrimonio xeolóxico.

15/06/24 17:00h. Punto de encontro: aparcadoiro do Pico Sacro.

VISITA GUIADA "UN PASEO XEOLÓXICO POLA CONTORNA DO PICO SACRO" CON FRANCISCO CANOSA MARTÍNEZ

O emblemático Pico Sacro sempre foi considerada unha montaña máxica, e nesta ocasión falarase sobre a súa orixe e evolución no tempo. Para iso farase unha pequena andaina pola súa contorna onde se poderán ollar algunhas das súas curiosidades xeolóxicas.

16/06/24 13:00h. No Pico Sacro.

CERIMONIA DO LUME SAGRADO

Actuación de SON DE GAITA

Esta cerimonia celta encabezada pola raíña Alda e o seu séquito, recuperará de forma simbólica a tradición dos nosos ancestrs na festa do solsticio de verán a través da obtención do lume sagrado, pero neste caso por medios naturais, é dicir, directamente do Sol nun enclave único como é o "Monte Sagrado de Galicia". Este lume queda custodiado ata o día de San Xoán.

Colabora: Asociación do Castro da Fervenza de Callobre (A Estrada).

21/06/24 23:00h. Punto de encontro: aparcadoiro do Pico Sacro.

"A NOITE DO SOLSTICIO DENDE A TUMBA DO DRAGÓN" OBSERVACIÓN ASTRONÓMICA CON JORGE MIRA

A noite do solsticio é a máis curta do ano, só dura 8 horas e media á latitude de Boqueixón e, delas, só 4 horas son de noite pechada. A humanidade sempre considerou esa noite curta como un momento máxico, para contemplala con máis valor, tal e como faremos nesta observación astronómica no Pico Sacro.

23/06/24 18:00h. ata 20:00h. No Pico Sacro.

ENTREGA DO LUME SAGRADO

Todas aquelas persoas que queiran recoller o lume sagrado e prender as súas fogueiras da noite de San Xoán, poden vir ó cumio do Pico Sacro e levar unha candeia acendida co lume sagrado.

Actividades de balde.

Prazas limitadas. Imprescindible inscrición.

Máis información e reservas: boqueixonturismo@gmail.com ou 981 513 061 (Dpto. Turismo)